



PLAN LECTURA, ESCRITURA E ACCESO Á INFORMACIÓN

COLEXIO HIJAS DE JESÚS

FUNDACIÓN EDUCATIVA JESUITINAS

Introdución ao Proxecto Lector de Centro (PLEA)

ENFOQUE DO PLEA


Competencia lectora como facilitadora da aprendizaxe en **todas as áreas do currículo**.



A lectura constitúe un instrumento esencial para o desenvolvemento das competencias clave do alumnado. Dominar a lectura permite acceder ao resto das técnicas de estudo —comprensión, memorización, análise, síntese e expresión escrita— e, ao mesmo tempo, proporciona un pracer persoal que fomenta a imaxinación, a empatía e o pensamento crítico. Ensinar a ler, e ler comprendendo e con fluidez, é a base do éxito escolar.

O Proxecto Lector de Centro (PLEA) do CPR Plurilingüe Hijas de Jesús pretende integrar todas as dimensións da lectura: a lectura instrumental, a lectura como medio de aprendizaxe e a lectura como fonte de gozo e desenvolvemento persoal. O plan abrangue a totalidade das etapas educativas e adáptase á realidade e necesidades do noso centro, fomentando a participación de toda a comunidade educativa.

ASPECTOS NOS QUE INCIDE



1. Fundamentación legislativa

MARCO LEGAL



LEI

- **LEI ORGÁNICA 2/2006**, do 3 de maio, de Educación (LOE)



DECRETOS

- **DECRETO 150/2022, do 8 de setembro**, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil
- **DECRETO 155/2022, do 15 de setembro**, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria
- **DECRETO 156/2022, do 15 de setembro**, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria
- **DECRETO 157/2022, do 15 de setembro**, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato



RESOLUCIONES

- **RESOLUCIÓN do 5 de xuño de 2025**, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no réxime ordinario no curso académico 2025/26
- **RESOLUCIÓN do 16 de outubro de 2025**, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información nos centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

O proxecto desenvólvese ao abeiro da resolución do 16 de outubro do 2025. No que se establece que cada centro docente debe incluír no seu proxecto educativo un programa de promoción da lectura (Proxecto Lector de Centro), no que se integren accións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades de información e comunicación, descritas na programación xeral anual. Así mesmo, determina que cada centro conte cunha biblioteca escolar (Aula I+ no noso caso), como espazo de referencia e recurso fundamental para o desenvolvemento deste programa.

2. Obxectivos xerais:

O noso Plan Lector pretende:

- Mellorar a competencia lectora e o hábito lector do alumnado.
- Fomentar o gusto pola lectura como actividade intelectual e de ocio.
- Integrar a lectura en todas as áreas e materias.
- Favorecer a igualdade de oportunidades a través dunha biblioteca inclusiva e accesible.
- Potenciar o uso das TIC como ferramentas de lectura e comunicación.
- Implicar a todo o profesorado, alumnado e familias no proceso lector.
- Promover a educación emocional mediante o “Recanto das emocións”, espazo destinado á lectura de contidos relacionados co autocoñecemento e a empatía.

3. Organización e actuacións principais:

O PLEA estrutúrase arredor da biblioteca escolar, auténtico centro de recursos e de dinamización cultural. O equipo de biblioteca coordina a xestión dos fondos, a organización de actividades, o préstamo de libros e a colaboración con outros equipos do colexio (Dinamización Lingüística, Oratoria, TIC, etc.).


As actuacións fundamentais inclúen:

- Momentos diarios de lectura en galego, castelán e inglés.
- Itinerarios lectores adaptados a cada nivel educativo.
- Actividades de animación lectora, contacontos, encontros con autores e obradoiros de escritura creativa.
- Préstamo de libros ás familias e promoción da lectura no fogar.
- Fomento da lectura inclusiva e atención á diversidade.
- Integración da lectura en proxectos de comprensión e nas materias curriculares.

4. Participación da comunidade educativa:


O éxito do proxecto require o compromiso de toda a comunidade:

- Profesorado: integra actividades lectoras na práctica diaria, promove a innovación e participa na selección e actualización de fondos.
- Alumnado: adquire hábitos lectores, mellora a comprensión e participa activamente na vida da biblioteca.
- Familias: colaboran nas actividades de lectura, serven de modelo lector e fomentan a lectura en casa.
- Entorno: o centro mantén vínculos con bibliotecas públicas, editoriais e institucións locais para enriquecer o plan lector.



5. Avaliación e seguimento:

CRONOGRAMA



A avaliación do plan baséase en dúas dimensións:

1. Competencia lectora do alumnado: mediante rúbricas de fluidez, comprensión literal e inferencial, cuestionarios e exposicións orais.
2. Eficacia do propio plan: avaliación anual mediante escalas de cumprimento, rexistros de préstamo, participación en actividades e enquisas de satisfacción a alumnado, profesorado e familias.

As conclusións desta avaliación intégranse na memoria anual do centro e serven de base para mellorar o plan cada curso.

ACTUACIONES

- Visión transversal, interdisciplinar e inclusiva
- Implican a toda a comunidade



TEMPO DE LECTURA

- Actividade sistematizada
- Abrangue todas as materias
- Organización segundo unha visión pedagóxica integral
- Coherencia coa concreción curricular de cada nivel, ciclo e materia

OBXECTIVOS

- Fomento do hábito lector
- Desenvolvemento da competencia lectora e o gozo persoal da lectura
- Mellora da comprensión lectora
- Fomento dunha lectura crítica, creativa e reflexiva
- Perfeccionamento da expresión oral e escrita

FRANXA DIARIA

- Infantil: 20 minutos (recomendado)
- Primaria (obrigatorio)
- 20 - 30 minutos
- A primeira hora / despois do recreo
- Secundaria e bacharelato: 20 - 30 minutos (recomendado)
- **Profesorado modelo e mediador de lectura**


TEXTOS E MATERIAIS VARIADOS

- Xéneros diversos
- Adaptados a distintos niveis lectores
- Formatos variados
- Textos de ficción, non ficción e informativos

PROMOTOR DE EQUIDADE E INCLUSIÓN

- Cadaquén le ao seu ritmo, sen xuízos e nun ambiente seguro
- Respéctase a diversidade de intereses e niveis lectores
- Compénsanse as desigualdades no acceso á lectura

CLIMA MOTIVADOR E TRANQUILO



6. Resultados das probas diagnósticas:

Os resultados obtidos polo CPR Plurilingüe Hijas de Jesús nas Probas de Avaliación Diagnóstica de 4.º de Educación Primaria amosan un rendemento moi positivo e coherente co traballo realizado a través do PLEA e doutros proxectos do centro.

O colexio presenta resultados (datos obtidos co curso 24,25) claramente superiores ao seu Grupo ISEC (Índice Social, Económico e Cultural, 570.5) en todas as competencias avaliadas:

Aspectos destacados:

- A puntuación máis alta corresponde á competencia en Inglés (573), superando en 60 puntos a media do grupo ISEC.
- A Competencia Matemática tamén destaca cunha media de 567 puntos.
- En todas as linguas, a Expresión Escrita é a destreza mellor valorada: 556 en Galego, 540 en Castelán e 570 en Inglés.
- En Lingua Galega, o 64% do alumnado sitúase por riba do Nivel 4, mentres que en Matemáticas a porcentaxe é do 49%.

Estes datos reflicten o alto nivel competencial do alumnado e evidencian o impacto positivo das prácticas lectoras e dos programas de fomento da lectura desenvolvidos polo centro.

7. Conclusión:

O plan de lectura, escritura e acceso a información, que se desenvolve con detalle no seguinte punto, é unha ferramenta fundamental para a mellora continua das competencias lingüísticas e comunicativas do alumnado no seu crecemento integral. A través del foméntase o pensamento crítico, a creatividade, a inclusión e o pracer por aprender.

Os resultados académicos e as avaliacións externas confirman que o traballo conxunto do profesorado, as familias e o alumnado contribúe a consolidar unha cultura lectora sólida, plural e comprometida coa excelencia educativa.

8. Desenvolvemento detallado do PLEA por etapas educativas:

As actividades de lectura deben ser sistematizadas e abranguer todas as materias. O profesorado actúa como modelo e mediador de lectura.

Tipos de Actividades e Materiais

Independentemente do nivel, as actividades deben ter unha visión transversal, interdisciplinar e inclusiva, e implicar a toda a comunidade educativa. Os materiais de lectura deben ser:

- Xéneros diversos (ficción, non ficción e informativos).
- Adaptados aos distintos niveis lectores.
- Formatos variados.

Exemplos de Estratexias para 30 Minutos Diarios:

A continuación, preséntanse ideas para cubrir o tempo de lectura de 30 minutos, enfocadas a diferentes etapas, baseándose nos obxectivos e actuacións do PLEA (Lectura, Comprensión, Acceso á Información, Escritura e Oralidade):

Educación Infantil (Aprox. 20 minutos recomendados)

- Lectura en voz alta e dialóxica (15 min): O profesorado (modelo lector) le contos, poemas ou álbums ilustrados. Foméntase a empatía e o pensamento crítico parando para que o alumnado prediga, comente as imaxes e relacione a historia coas súas propias emocións (ligado ao "Recanto das emocións").
- Exploración de libros (5 min): Tempo libre para que as nenas e nenos manipulen na biblioteca de aula e na aula i+, e "lean" libros de xéneros diversos e formatos variados.
- *Obxectivo:* Fomento do gozo persoal e desenvolvemento da imaxinación.

Educación Primaria (20-30 minutos obrigatorios)

- Luns - Lectura silandeira (15 min): Lectura individual e silandeira dun libro de elección persoal (fomento do hábito lector).
- Martes - Integración curricular (30 min): Lectura dun texto informativo relacionado coa materia que toque nese momento (ex. un artigo sobre un ecosistema en Ciencias, un documento histórico en Sociais) para integrar a lectura en todas as áreas.
 - Comprobación de comprensión (15 min): Aplicación de rúbricas para a comprensión literal e inferencial ou un debate guiado.
- Mércores - Lectura en Inglés/Galego/Castelán (30 min): Lectura en diferentes idiomas (momentos de lectura en galego, castelán e inglés) de textos adaptados ao seu nivel lector.
- Xoves - Taller de Escritura Creativa (30 min): Lectura dun fragmento como modelo e posterior produción dun texto propio (ligado aos obradoiros de escritura creativa e á Producción de Textos Propios no enfoque PLEA).
- Venres - Lectura Inclusiva e Emocións (30 min): Lectura e debate sobre un texto que promova a educación emocional (no "Recanto das emocións") ou que promova a igualdade de oportunidades e a atención á diversidade.

9. Lecturas por cursos e idioma que terán os alumnos como libro físico de lectura:

1º ED. PRIMARIA

978-84-143-3708-0 Los Biblionautas y el fondo del mar

Ana Alonso ANAYA Narrativa-Ciencia

978-84-9914-442-9 Marcopòla 1. As orixes de Marcopola

Jacobo Fdez.Serrano XERAIS Cómic

978-12-923466-5-6 Peter Pan

Nicola Schofield PEARSON Inglés

2º ED. PRIMARIA

978-84-667-5375-3 Cartas a Ratón Pérez

Antonia Ródenas ANAYA Narrativa

978-84-9914-806-9 Coller ás rendas

Yolanda castaño XERAIS Poesía

978-12-923467-3-1 Finding Dory

Gregg Schroeder PEARSON Inglés

3º ED, PRIMARIA

978-84-207-0017-5 Diecisiete cuentos y dos pingüinos

Daniel Nesquens ANAYA Narrativa-Cuentos

978-84-9121-707-7 Somos os monstros

Paula Carballeira XERAIS Teatro

978-14-08-28834-4 Wizard of Oz

Helen Parker PEARSON Inglés

4º ED. PRIMARIA

978-84-667-0613-1 Versos vegetales

Antonio Rubio ANAYA Poesía

978-84-1110-256-8 A increíble viaxe de Antía ao cerebro humano

Paula Rivas XERAIS Narrativa-Ciencia

978-12-923468-5-4 The incredibles 2

Jaquie Bloese PEARSON Inglés

5º ED. PRIMARIA

978-84-698-9085-1 Alma de elefante

Andrea Maceiras ANAYA Narrativa

978-84-1110-207-0 Unha nova dimensión

Anxo Iglesias XERAIS Poesía

978-12-923468-7-8 Wall-e

Louise Fonceca PEARSON Inglés

6º ED. PRIMARIA

978-84-667-8430-6 Luna de Senegal

Agustín Fdez. Paz ANAYA Narrativa

978-84-1110-124-0 Xestas olímpicas

Héctor Cajaraville XERAIS Deportes

978-14-08-28847-4 Astronauts in space

Caroline Laidlaw PEARSON Inglés